

Resolución do 29 de febreiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao básico e grao medio de centros educativos públicos que forman parte do consorcio de mobilidade do proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461

O Regulamento (UE) nº 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2021, establece Erasmus+, o Programa da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte para o período 2021-2027.

A educación, a formación, a mocidade e o deporte son ámbitos clave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusivas, así como a aprendizaxe informal e non formal, equipan á mocidade e ás persoas participantes de todas as idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e para xestionar con éxito as transicións no mercado laboral.

O programa Erasmus+ é unha compoñente clave para apoiar os obxectivos do Espazo Europeo de Educación, o Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027, a Estratexia da Unión Europea para a Mocidade e o Plan de Traballo da Unión Europea para o Deporte (2021-24).

Así mesmo, o desenvolvemento de capacidades dixitais e de competencias e capacidades en campos orientados ao futuro, como a loita contra o cambio climático, a enerxía limpa, a intelixencia artificial, a robótica, a análise de macrodatos, etc., resulta fundamental para o futuro crecemento sostible e a cohesión de Europa. O programa Erasmus+ pode facer unha contribución significativa a estes obxectivos ao promover a innovación e reducir a brecha de coñecementos, capacidades e competencias que presenta Europa.

A Lei de 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, aborda no seu Título IX o coñecemento de linguas estranxeiras e a internacionalización do sistema de Formación Profesional, reforzando a importancia de promover a participación do profesorado e alumando en programas internacionais e a integración do sistema educativo de Formación Profesional en redes internacionais que favorezan o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecemento.

A Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada polo Consello da Xunta o 10 de febreiro de 2022, ten como un dos seus eixos principais a internacionalización do sistema educativo de Formación Profesional, o que pretende acadar a través dunha serie de iniciativas como son:

- Desenvolver estadias formativas profesionais do alumnado e profesorado no exterior, e accións de intercambio de profesorado e alumnado entre centros de FP de Galicia e outros países.
- Impulsar accións de colaboración con organismos da formación profesional noutros países.
- Promover a valorización no exterior das competencias profesionais adquiridas en Galicia.
- Reforzar linguas estranxeiras na formación profesional, para aumentar as posibilidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe.
- Promover estadias formativas profesionais do alumnado e profesorado estranxeiro en Galicia.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades resultou beneficiaria dun proxecto Erasmus+ KA121-VET (2023-1-ES01-KA121-VET-000147461), correspondente á Acción Clave 1, Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, no ámbito da Formación Profesional.



Tendo en conta o anterior, esta consellería considera necesario establecer un procedemento para a concesión das axudas de mobilidades ao alumnado de Formación Profesional no marco do proxecto 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461.

De acordo co establecido no punto 3 do artigo da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a xestión das referidas axudas rexeráse polo réxime xurídico establecido pola Unión Europea para o desenvolvemento do Programa Erasmus+, xa que é unha subvención concedida pola Unión Europea e financiada totalmente con fondos europeos, sen prexuízo da aplicación de normas de organización e procedementos propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, esta lei aplicarase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar axudas económicas para a realización de mobilidades de alumnado de ciclos formativos de grao básico e grao medio de Formación Profesional dos centros educativos que forman parte do consorcio do proxecto 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461 (Anexo I).

Artigo 2. *Requisitos das persoas solicitantes*

1. Poderán concorrer a esta convocatoria as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:
 - a) Estar matriculadas durante o curso 2023/24 nun ciclo formativo de grao básico ou grao medio de Formación Profesional ou nun curso de especialización de Formación Profesional de grao medio, nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I, e estar en condicións de acceder á realización da Formación en Centros de Traballo (FCT) antes do comezo da mobilidade.
 - b) Ter obtido unha titulación de grao básico ou grao medio de Formación Profesional ou certificado dun curso de especialización de Formación Profesional de grao medio nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I durante os 12 meses anteriores á finalización da mobilidade prevista.
2. Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria das axudas previstas nesta orde o alumnado que incorra nalguna das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 3. *Actividades admisibles*

As actividades susceptibles de ser financiadas mediante esta convocatoria son as seguintes:



- a) Mobilidades educativas de curta duración (10 a 89 días), nas que as persoas participantes pasarán un período de tempo no estranxeiro realizando prácticas formativas relacionadas coas ensinanzas cursadas nunha empresa ou noutra organización activa no ámbito da FP.

Este período deberá levarse a cabo coincidindo coa Formación en Centros de Traballo (FCT), agás no caso das persoas tituladas recentes.

- b) Mobilidades educativas de longa duración (90 a 365 días), nas que as persoas participantes pasarán un período de tempo máis extenso no estranxeiro realizando prácticas formativas relacionadas coas ensinanzas cursadas.

Artigo 4. Prazo de execución das mobilidades

A data de finalización das mobilidades financiadas ao abeiro desta convocatoria non poderá ser posterior á data de finalización do proxecto 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461, isto é, o 31 de agosto de 2024.

Artigo 5. Orzamento

O importe total das axudas destinadas ás mobilidades de alumnado e persoas tituladas recentes será de 660.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.07.422M.480.5 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dos orzamentos de 2024.

Artigo 6. Comisión avaliadora

1. A instrución, ordenación e selección no procedemento corresponde a unha comisión avaliadora que se constituirá en cada centro educativo coa seguinte composición:
 - Presidencia: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
 - Vogalías:
 - A persoa coordinadora de programas europeos no centro educativo.
 - Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
 - Secretaría: unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto.
2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.
3. A resolución da convocatoria corresponde á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Artigo 7. Criterios de selección

A selección do alumnado realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:



1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.
 - Nota media inferior a 6: 1 punto.
 - Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
 - Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
 - Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.
2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):
 - Certificación de nivel B1: 1 punto.
 - Certificación de nivel B2: 2 puntos.
 - Certificación de nivel C1: 3 puntos.
 - Certificación de nivel C2: 4 puntos.
3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos):
 - A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.
 - De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.
 - Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para superar a fase de selección.
4. Persoas participantes con menos oportunidades (máximo 2 puntos).

Considéranse participantes con menos oportunidades os/as que se encontren nalgunha das seguintes situacións (axuda non acumulativa se presentan máis dun perfil):

 - Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudos superiores no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
 - Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.
 - Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cen.
5. Criterios de desempate.

No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

 - 1º- Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.
 - 2º- Ás persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

Artigo 8. Contía das axudas

As contías das axudas calcularanse mediante a suma dos seguintes conceptos:

1. Axuda para a viaxe:



Calcularase tendo en conta a distancia en liña recta entre o lugar da organización de envío e o lugar da organización de acollida segundo os tramos que se recollen na táboa seguinte:

*Distancia	Importe
Entre 10 e 99 km	23 €
Entre 100 e 499 km	180 €
Entre 500 e 1.999 km	275 €
Entre 2.000 e 2.999 km	360 €
Entre 3.000 e 3.999 km	530 €
Entre 4.000 e 7.999 km	820 €
8.000 km ou máis	1.500 €

No caso de empregar medios de transporte ecolóxicos (autobús, tren, coche compartido, etc.) durante o tramo principal da viaxe tanto na ida como na volta, os importes serán os seguintes:

*Distancia	Importe
Entre 10 e 99 km	23 €
Entre 100 e 499 km	210 €
Entre 500 e 1.999 km	320 €
Entre 2.000 e 2.999 km	410 €
Entre 3.000 e 3.999 km	610 €
Entre 4.000 e 7.999 km	820 €
8.000 km ou máis	1.500 €

*Para determinar a distancia correspondente empregárase a calculadora de distancias Erasmus (<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator>)

2. Axuda de apoio individual:

Calcularase en función do país de destino e do número de días que dure a mobilidade segundo os importes que se recollen nas táboas seguintes:

Países do programa KA121	Apoio individual por día (€)	
	Día 1 a 14	Día 15 a 365
Noruega, Dinamarca, Luxemburgo, Islandia, Suecia, Irlanda, Finlandia, Liechtenstein Terceiros países non asociados ao Programa do Grupo 1	66 €	46 €
Países Baixos, Austria, Bélxica, Francia, Alemaña, Italia, España, Chipre, Grecia, Malta, Portugal Terceiros países non asociados ao Programa do Grupo 2	57 €	40 €



Eslovenia, Estonia, Letonia, Croacia, Eslovaquia, Chequia, Lituania, Turquía, Hungría, Polonia, Romanía, Bulgaria, Macedonia do Norte, Serbia	48 €	34 €
Terceiros países non asociados ao Programa do Grupo 3		

O número de días da mobilidade para o cómputo será igual ao número de días de actividade na organización de acollida máis os días de viaxe. No caso de viaxe estándar poderase engadir 1 día pola a viaxe de ida se esta se produce antes do primeiro día da actividade e 1 día pola a viaxe de volta se esta se produce tras a finalización do período da actividade. No caso de viaxe ecolóxica poderase engadir entre 1 e 3 días pola viaxe de ida e entre 1 e 3 días pola viaxe de volta.

*Países asociados ao Programa:

Países asociados do Grupo 1: Xapón, Israel, Corea do Sur, Xeorxia, Arxentina, Armenia, Angola, Arabia Saudita, Kuwait, Estados Unidos, Reino Unido, Suíza, Bahrein, Acerbaixán, Sudán, San Cristóbal e Neves, San Vicente e as Granadinas, Emiratos Árabes Unidos, Hong Kong, Líbano, Vietnam, México, Taiwán, Moldavia, Malaisia, Tanzania, Canadá, Singapur, Australia, Tailandia, Illas Feroe.

Países asociados do Grupo 2: India, Casaquistán, Brasil, República Democrática do Congo, Chile, Nixeria, Uganda, Liberia, Xibutí, República Popular Democrática de Corea, Usbequistán, Turcomenistán, República Dominicana, Xamaica, Bielorrusia, Libia, Siria, Cuba, Iemen, Quenia, Ruanda, Seychelles, Antigua e Barbuda, Brunei, Montenegro, Malauí, Barbados, Santa Lucía, Granada, Dominica, Uruguai, Albania, China, Filipinas, Perú, Venezuela, Panamá, Ghana, Chad, Güiana, Exipto, Marrocos, Kiribati, Omán, Bosnia e Hercegovina, Irán, Mozambique, Senegal, Mauricio, Qatar, Andorra, Xordania, Indonesia, Laos, Sudáfrica, Etiopía, Bangladesh, Ecuador, Paraguai, Costa Rica, Costa do Marfil, Serra Leona, Gabón, Haití, Bahamas, Papúa Nova Guinea, Micronesia, Ucraína, Kirguizistán, Rusia, Mónaco, San Mariño, Palestina, Estado da Cidade do Vaticano.

Países asociados do Grupo 3: Nepal, Maldivas, Taxiquistán, Nicaragua, Zambia, Guinea, Congo, Botsuana, Belice, Samoa, Illas Marshall, Palaus, Tuvalu, Nauru, Illas Cook, Niue, Nova Zelandia, Paquistán, Bután, O Salvador, Suriname, Guatemala, Honduras, Somalia, Trindade e Tobago, Alxeria, Colombia, Gambia, Fiyi, Illas Salomón, Vanuatu, Cambodia, Zimbabue, Burundi, Mongolia, Camerún, Timor Oriental, Sri Lanka, Madagascar, Mali, Togo, San Tomé e Príncipe, Tonga, Bolivia, Benín, Lesoto, Macao, Tunisia, Iraq, Burkina Faso, Guinea Ecuatorial, República Centroafricana, Guinea-Bisáu, Namibia, Comoras, Eritrea, Myanmar/Birmania, Afganistán, Níxer, Mauritania, Cabo Verde, Kosovo, Esuatini, Sudán do Sur.

Artigo 9. *Presentación de solicitudes*

O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará no seu centro educativo a solicitude normalizada (Anexo II), xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados, nos prazos que o centro estableza.

Artigo 10. *Documentación que tramitarán os centros*

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, as comisións avaliadoras deberán valorar as solicitudes presentadas de acordo aos criterios que figuran no artigo 7.



2. Cada comisión avaliadora fará unha acta provisional (Anexo III) na que se indicarán as persoas seleccionadas, por orde de prelación, xunto coa puntuación obtida por cada solicitante. Indicaranse tamén as persoas excluídas xunto coa causa da exclusión.

Esta acta provisional, asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios ao día seguinte ao da reunión da comisión avaliadora.

Na acta farase mención a que se aplicaron os criterios citados no artigo 7, e a que existe o compromiso de gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.

3. As persoas interesadas disporán dun prazo de tres días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da acta provisional, para a presentación de reclamacións.
4. Rematado o prazo de reclamacións, a comisión avaliadora resolveraa e elaborará unha acta definitiva (Anexo IV) de persoas seleccionadas e excluídas, con indicación das puntuacións obtidas, e asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, que fará pública no taboleiro de anuncios.

Artigo 11. Envío de documentación e prazos.

1. Os centros educativos deberán enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional a seguinte documentación en formato electrónico:

- Solicitudes presentadas (Anexo II)

As solicitudes deberán estar asinadas dixitalmente polas persoas solicitantes ou estar compulsadas dixitalmente pola persoa directora do centro.

- Acta provisional de persoas seleccionadas e excluídas (Anexo III).

A acta provisional deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que presida a comisión avaliadora e a persoa secretaria da mesma, ou estar compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro.

- Acta definitiva de persoas seleccionadas e excluídas (Anexo IV).

A acta definitiva deberá estar asinada dixitalmente por quen presida a comisión avaliadora e a persoa secretaria da mesma, ou estar compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro.

- Certificado de titularidade bancaria de cada unha das persoas beneficiarias.

O certificado deberá estar asinado dixitalmente pola entidade bancaria ou estar compulsado dixitalmente pola persoa directora.

- Folla de cálculo cuberta cos datos das mobilidades (Anexo V).

- No caso de viaxe ecolóxica, compromiso de empregar medios de transporte ecolóxicos (autobús, tren, coche compartido, etc.) durante o tramo principal da viaxe tanto na ida como na volta (Anexo VI).

O compromiso deberá estar asinado dixitalmente pola persoa solicitante ou compulsado dixitalmente pola persoa directora do centro.



2. O prazo de envío da documentación será de cinco días naturais a contar a partir do día seguinte ao que se publique a listaxe definitiva das persoas solicitantes seleccionadas e excluídas.

Artigo 12. Adxudicación das axudas

1. Á vista da acta definitiva das persoas seleccionadas neste procedemento e do crédito dispoñible, a Dirección Xeral de Formación Profesional elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que resolverá o que proceda, e nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Se a contía correspondente á suma das mobilidades supera o crédito dispoñible, a Dirección Xeral de Formación Profesional realizará unha ordenación centralizada das solicitudes correspondentes, segundo a puntuación do baremo proporcionada polas comisións avaliadoras, seleccionando aquelas persoas coa maior puntuación ata esgotar o crédito dispoñible para ese tipo de mobilidade.

No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

1º- Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.

2º- Ás persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

3. Contra a resolución de adxudicación das axudas, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. Para os efectos establecidos no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de cinco meses, contado desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 13. Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 14. Renuncia á axuda

1. No caso de que por motivos xustificados a persoa beneficiaria non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, deberá presentar no centro educativo un escrito de renuncia (Anexo VII).
2. O centro educativo enviará o referido escrito asinado dixitalmente pola persoa participante ou ben compulsado dixitalmente pola persoa directora do centro á Dirección Xeral de Formación Profesional. Unha vez recibido, a Dirección Xeral anulará a reserva do importe asignado para dita mobilidade.
3. Se a persoa beneficiaria tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de conformidade co disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 15. Formalización da axuda

1. Os centros educativos e as persoas beneficiarias asinarán o convenio de subvención Erasmus+ deste proxecto (Anexo VIII). Para esta finalidade, a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades delegará a sinatura destes convenios nas persoas titulares da dirección dos centros educativos.
2. A persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida asinarán un acordo de aprendizaxe (Anexo IX) con anterioridade ao inicio da mobilidade.

Este acordo deberá ser consensuado entre a organización de envío e a de acollida, e deberá recoller as condicións nas que se levará a cabo a actividade de mobilidade e os resultados de aprendizaxe previstos.

Artigo 16. Pagamento das axudas

1. As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto no certificado de titularidade bancaria aportado.
2. O primeiro pagamento, dun 80% da axuda concedida, realizarase antes do inicio da mobilidade. Para que este se poida tramitar, o centro educativo deberá enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional o convenio de subvención Erasmus+ (Anexo VIII) asinado dixitalmente por todas a partes ou copia compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro, cunha antelación mínima de 10 días hábiles con respecto ao inicio da mobilidade.
3. Para o segundo pagamento, do 20% restante, será necesario que:
 - O centro educativo envíe á Dirección Xeral de Formación Profesional copia, compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro, do acordo de aprendizaxe (Anexo IX) asinado pola persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida.
 - O centro educativo envíe á Dirección Xeral de Formación Profesional copia, compulsada dixitalmente pola persoa directora do centro, do complemento ao acordo de aprendizaxe (Anexo X) asinado pola persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida. Este complemento emitirase unha vez realizada a actividade de mobilidade e permitirá confirmar que dita actividade desenvolveuse nas datas previstas e segundo o acordado.
 - A persoa beneficiaria cubra e envíe en liña o cuestionario UE (EU Survey) nos 30 días posteriores ao remate da mobilidade, de acordo co establecido no Programa Erasmus+.



Dito pagamento realizarase nos 45 días naturais posteriores ao envío en liña do cuestionario UE.

4. No caso de que o cómputo de días da mobilidade declarado no complemento ao acordo de aprendizaxe fose inferior ao da axuda concedida, o pago do 20% restante minorarase proporcionalmente. Se isto non fose suficiente, solicitarase a devolución da parte proporcional do primeiro pagamento.
5. Cando as datas da mobilidade declaradas no complemento ao acordo de aprendizaxe sexan distintas daquelas para as que se concedeu a mobilidade, unicamente serán computables os días da mobilidade posteriores á data inicial prevista no convenio de subvención.

Artigo 17. *Compatibilidade das axudas*

1. Estas axudas son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que as conceda.
2. O importe total recibido en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo obxecto e finalidade, procedentes doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada, de conformidade co establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. *Perda das axudas*

1. A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedesen, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
2. O incumprimento total ou parcial por parte da persoa beneficiaria de calquera das condicións e obrigas establecidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle poidan corresponder en cada caso, en aplicación do disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obteña a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión.

Artigo 19. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias están obrigadas ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
2. As persoas beneficiarias están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.



3. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, utilizarase a declaración responsable incluída no documento de solicitude (Anexo II).
4. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinadas a subvencionar a actividade subvencionada.

Artigo 20. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:
 - DNI/NIE da persoa solicitante.
 - DNI/NIE da persoa representante, de ser o caso.
 - Expediente académico.
 - Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
 - Certificado de estar ao día no pagamento á Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).
 - Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
 - Que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos no artigo 2 da presente Resolución.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.
3. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondente.

Artigo 21. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 22. Datos de carácter persoal

De acordo co establecido no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude,



dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 23. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.
2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.
3. No caso de optar pola notificación en papel practícarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común
4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións à conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 24. Base de datos nacional de subvencións

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitíranse á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base.

Disposición adicional primeira. Réxime sancionador

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. Impugnación

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data,



segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<http://www.edu.xunta.es>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG nº 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades



ANEXO I

Centros educativos do consorcio do proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461.

Código	Centro educativo
15001148	IES As Mariñas
15002591	IES Monte Neme
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal
15005269	IES Urbano Lugrís
15005397	IES Fernando Wirtz Suárez
15005749	CIFP Universidade Laboral
15006754	CIFP Ferrolterra
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
15014556	CIFP Coroso
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I
15015767	CIFP Politécnico de Santiago
15016000	CIFP Compostela
15021469	CIFP Leixa
15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto
15022620	IES de Curtis
15023314	IES de Sabón
15023466	IES Lamas de Abade
15024513	CIFP Someso
15025530	IES da Pobra do Caramiñal
15025682	CIFP Fraga do Eume
15026030	IES Terra de Xallas
15026376	IES Punta Candieira
15026406	IES Eduardo Pondal
15026698	IES Espiñeira
15026731	IES Campo de San Alberto
15026753	IES A Pontepedriña
15027502	CEE Manuel López Navalón
15027691	IES de Porto do Son
15027711	IES Leliadoura
15027733	IES de Arzúa
15027770	IES A Sardiñeira
15027782	IES Ordes
15027897	CIFP Paseo das Pontes
15032081	IES de Fene
27003175	IES Val do Asma
27006516	CIFP Politécnico de Lugo
27006516	CIFP Politécnico de Lugo
27006528	CIFP As Mercedes
27007247	IES Francisco Daviña Rey
27007259	IES Río Cabe
27012036	IES Gregorio Fernández



27012048	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria
27013326	IES Lois Peña Novo
27013636	IES María Sarmiento
27013934	IES Perdouro
27014811	IES Fontem Albei
27015311	IES A Pinguela
27015773	IES Muralla Romana
27016248	IES de Monterroso
27020793	CIFP Porta da Auga
32001725	IES Lauro Olmo
32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
32009116	IES 12 de Outubro
32013582	IES García-Barbón
32014801	IES Cidade de Antioquía
32015037	IES Manuel Chamoso Lamas
32015050	CIFP A Farixa
32015475	IES O Ribeiro
32016285	CIFP de Vilamarín
32016431	IES San Mamede
32016765	CIFP Portovello
36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez
36004137	IES Ramón M ^a Aller Ulloa
36004745	IES Plurilingüe A Paralaia
36006419	CIFP Montecelo
36007552	CIFP A Granxa
36011634	IES Politécnico de Vigo
36013448	CIFP Manuel Antonio
36014489	CIFP A Xunqueira
36014544	IES Indalecio Pérez Tizón
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade
36015101	IES da Cañiza
36016656	IES Pedro Floriani
36018173	IES de Teis
36019529	IES Ribeira do Louro
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor
36020064	CIFP Carlos Oroza
36020143	IES de Poio
36020350	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro

